

4. Orzamento base de licitación: lotes independentes: danos materiais dos bens patrimoniais: 11.000 €; responsabilidade civil-patrimonial: 28.000 €; e riscos patrimoniais persoais e de responsabilidade civil do parque móbil: 18.000 €.

5. Obtención de documentación e información: concello de Cambados. Praza do Concello, 1 (36630 Cambados). Tlf.: 986 52 09 43 (Exten.: 722). Fax: 986 52 48 66. Correo electrónico: contratación@cambados.es. Data límite de obtención de documentación: ata o día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

6. Requisitos e documentación: os recollidos na cláusula 6ª do prego.

7. Presentación de ofertas e das solicitudes de participación: 15 días naturais seguintes ao da publicación do último dos anuncios no BOP ou DOG. Lugar de presentación: rexistro xeral do concello das 9.00 ás 14.00 horas (luns a venres) e das 9.00 ás 13.00 horas (sábados).

8. Apertura de ofertas: na casa do concello, ás 11.00 horas, o primeiro día hábil seguinte a aquel en que remate o prazo sinalado para a presentación de proposicións (se coincide en sábado o dito acto, trasladarase ao primeiro día hábil seguinte). O devandito acto será público.

Cambados, 20 de agosto de 2008.

José M. Cores Tourís
Alcalde

CONCELLO DA CORUÑA

Anuncio de aprobación inicial e información pública do proxecto de expropiación forzosa para a obtención de solo correspondente ao terceiro tramo da terceira rolda de circunvalación (VG-S3.01 tramo Penamoa).

A Xunta de Goberno local, con data do 20 de xuño de 2008, adoptou o acordo que a continuación se transcribe:

Primeiro.-Aprobar a incorporación ao proxecto de expropiación para a obtención do solo correspondente ao terceiro tramo da terceira rolda de circunvalación (VG-S3.01 tramo Penamoa) da relación dos precaristas das 14 chabolas que se enumeran no censo de habitantes do asentamento chabolista de Penamoa de decembro de 2007, o que supón unha indemnización de 7.840 €. Para facer fronte ao devandito gasto existe crédito axeitado e suficiente na partida 30.432.600.05 do orzamento, código de proxecto 2004-2-PATRI-12, polo que se solicita a

provisión de fondos para a conta de habilitación de urbanismo co fin de proceder ao seu aboamento.

Segundo.-Este acordo será exposto ao público por un prazo dun mes, para que os que poidan resultar interesados formulen as observacións e reclamacións que consideren convenientes. Así mesmo, notificaráselles individualmente aos afectados xunto coa folla de valoración da Administración, para que poidan formular alegacións no prazo dun mes, contado desde a data de notificación. Informadas as alegacións, someterase o expediente á aprobación da Xunta Local de Goberno.

De conformidade co disposto no artigo 143.2º e 3º da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o citado expediente sométese a información pública polo prazo dun mes para que os que poidan resultar interesados formulen as observacións e reclamacións que consideren pertinentes.

Para estes efectos, indícase que o expediente pode consultarse durante o prazo dun mes nas dependencias da Área de Urbanismo (praza Indalecio Prieto nº 1-Antigo Cuartel de Intendencia), de luns a venres.

Esta publicación servirá de notificación para os interesados que resulten descoñecidos ou respecto dos cales se ignore o lugar para a práctica da notificación de acordo co previsto no artigo 59 da Lei 30/1992.

Construción nº	Ocupante
Chabola 4º B depósito	José Borja Barrul e Mª Carmen Borja Montoya
Chabola 14 B depósito	Rosa María Gabarri Borja e Constantino Valeiras Gómez
Chabola 26 depósito	Lucas Rivero Álvarez e Daniel Rivero Álvarez
Chabola 27 depósito	Diego Rivero Álvarez e Amelia Giménez Borja
Chabola 27 A depósito	Arturo Giménez Romero e Amelia Giménez Borja
Chabola 27 B depósito	Sinai Rivero Borja e Dolores Jiménez-Borja
Chabola 28 B depósito	Rafael Felipe Monteiro e Aurora Jiménez Borja
Chabola 33 depósito	Adolfo Álvarez Borja e Carmen Jiménez Montoya
Chabola 34 depósito	Juana Álvarez Jiménez
Chabola 36 depósito	Mª José Conchado Suárez
Chabola 36 A depósito	Oscar Rivero Conchado e Rocio Hernández Dual
Chabola 36 B depósito	Santiago Rivero Conchado e Sandra Alfonsín García
Chabola 36 C depósito	Jesús Rivero Conchado e Begoña Salazar Conchado
Chabola 42 A depósito	Carlos Silva González e Inés Rivero Álvarez

A Coruña, 3 de xullo de 2008.

Alfredo Cerezales Fernández
Director de urbanismo

CONCELLO DE NEDA

Anuncio.

Aprobado pola Xunta de Goberno local do 24 de xullo de 2008 o expediente de licitación mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración, para a contratación do servizo de limpeza dos edificios e locais municipais, mantemento e limpeza do pavillón polideportivo e instalacións anexas e control de entradas.

1. Entidade adxudicataria:
Concello de Neda.
2. Tipo de servizo:
a) Descrición da prestación do servizo: a que figura nos pregos.
b) Duración do contrato: o establecido na cláusula 3) dos pregos.
3. Tramitación:
Normal.
4. Procedemento:
Aberto.
5. Forma:
Múltiples criterios de valoración.
6. Prezo do contrato:
Importe: 160.517,24 €.
IVE: 25.682,76 €.
Total: 186.200 €.
7. Fianza provisoria:
Non se exige.
8. Fianza definitiva:
5% do prezo de adxudicación sen o IVE.
9. Clasificación:
Grupo U, subgrupo 1) servizos de limpeza en xeral e categoría B).
10. Obtención de documentos e información:
Oficinas xerais.
Enderezo:
Avenida Algeciras 34
15510-Neda.
A Coruña.
Teléfonos: 981 38 00 39 e 981 38 02 22.
Fax: 981 38 56 00.
Data límite de obtención documentos e información: ata o remate do prazo de presentación de ofertas, ás 13.00 horas.
11. Presentación de ofertas:
Durante o prazo de quince días naturais que comenza a contar desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio de licitación no BOP ou *Diario Oficial de Galicia*.
12. Documentación que hai que presentar:
A que figura nos pregos de condicións.
13. Lugar de presentación:
Registro xeral do concello de Neda, de luns a sábado, das 9.00 ás 13.00 horas.

14. Apertura de plicas:

Levarase a cabo segundo o establecido na cláusula 9) dos pregos de condicións.

15. Gastos de anuncios:

Serán por conta do adxudicatario todos os gastos derivados da tramitación deste proceso.

Neda, 29 de xullo de 2008.

José Ignacio Cabezón Lorenzo
Alcalde

CONCELLO DE OUTES

Anuncio.

I**Bases xerais da convocatoria de prazas da oferta de emprego público do 2008**

Primeira.-Obxecto da convocatoria.

É obxecto desta convocatoria a provisión de prazas vacantes de funcionarios de carreira que se inclúen na oferta de emprego público de 2006.

Segunda.-Requisitos dos aspirantes.

Para participar nas probas selectivas cómpre: a) ser español, nacional doutro Estado membro da Unión Europea; b) ter dezaseis anos de idade; c) ter o título que se sinala nas convocatorias específicas; d) non padecer enfermidade ou eiva física ou psíquica que impida o desempeño das correspondentes funcións; e) non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo das administracións públicas nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

Terceira.-Solicitudes.

As persoas que desexen participar nos procesos de selección dirixirán a súa solicitude ao alcalde do Concello de Outes, na cal farán constar que reúnen todos os requisitos citados na base segunda anterior e os que sinalen as bases específicas de cada praza, e que presentarán no rexistro xeral do concello no prazo de vinte días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no *Boletín Oficial del Estado*.

Cuarta.-Admisión de aspirantes.

Tras o remate do prazo de presentación de solicitudes, o alcalde aprobará a lista provisoria de admitidos e excluídos, que se publicará no BOP da Coruña e no taboleiro de edictos da casa do concello.

Quinta.-Tribunal cualificador.

Os tribunais cualificadores dos procesos selectivos, consonte o que sinala o artigo 60 do EBEP, esta-